

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES Lauro Olmo

CURSO: 2º Bacharelato

MATERIA: Xeografía

DEPARTAMENTO: Xeografía e Historia

DATA: Terceiro trimestre (Abril-Xuño de 2020)

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

O 2º de Bacharelato é un curso finalista, marcado polas probas ABAU, polo que non se fixo rectificación ningunha nin en contidos nin en estándares de aprendizaxe. Remataremos todos os contidos e abarcaremos todos os estándares de aprendizaxe.

Unha vez vista a modificación dos modelos de exames de ABBAU, centrarémonos nos documentos xeográficos, temas a desenvolver, definicións e probas de localización.

En todo caso, tanto a localización como a listaxe de definicións xa foron suficientemente traballadas nos primeiros trimestres e o alumnado dispón de todo o material necesario, co que incidiremos máis nos apartados de comentario de documentos e preguntas a desenvolver

Reforzamos algunhas competencias como:

- Competencia dixital, xa que hai un maior presenza das TICS, necesarias para obter, analizar, producir e intercambiar información.
- Aprender a aprender, no canto de desenvolver a capacidade de iniciar aprendizaxe de temas nova, organizar tarefas e o tempo de estudo, de xeito individual
- Comunicación lingüística, desenvolvendo a comprensión lectora e a expresión escrita.
- Competencias sociais e cívicas, propias da Xeografía e Historia.

2. Avaliación e cualificación.

2.1. Avaliación

A avaliación das aprendizaxes do alumnado será continua, diagnóstica e formativa con carácter positivo

- **Procedementos de avaliación:** teremos en conta, mediante seguimento telemático todas as actividades que semanalmente se propoñen a través da plataforma on line. Tanto a súa entrega en prazo como a valoración da corrección, incluíndo tamén a actitude e interese pola materia.
- **Instrumentos de avaliación:** as actividades e propostas de traballo entregadas polo alumnado, vía telemática.

2.2. Cualificación final

Consideramos, por acordo do departamento que o resultado final do curso se establece en función dos seguintes criterios cuantitativos de cualificación:

- A media das dúas primeiras avaliacións.
- Ao anterior resultado se lle poderá engadir **ata un punto** como máximo, pola entrega das actividades debidamente realizadas. No caso de non entregar as actividades non se terá en conta este feito para a cualificación final.
- Redondearase a nota cara a unidade máis próxima.

Páxina 2

2.3. Proba extraordinaria de setembro.

O profesorado proporcionará ao alumnado, no mes de xuño, os contidos mínimos esixibles, que neste curso 2019-2020, se estipularán só tendo como referencia o impartido durante a 1ª e 2ª avaliacións.

No caso de que o alumnado copie no exame, ese exame será suspendido cunha nota de 0 puntos e terá que recuperar a materia no curso seguinte.

2.4. Alumnado con materia pendente.

Non é o caso xa que non hai ningunha persoa con esta materia pendente. De todos xeitos sempre rexen as normas que se establecen nos outros cursos.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre.

3.1. Actividades.

As actividades serán de diferentes tipoloxías: relación de preguntas curtas, formularios test, formularios de auto avaliación, actividades de comprensión, comentarios guiados de documentos, comentarios de documentos xeográficos e preguntas longas a desenvolver.

3.2. Metodoloxía

- **Actividades de reforzo e ampliación.** O procedemento será o seguinte:
 - ✓ Vídeo clase informativa do plan semanal de traballo.
 - ✓ Gravación de vídeos con explicacións de apartados dos contidos do terceiro trimestre e envío dos vídeos por *classroom*
 - ✓ Envío de actividades que poderán ser: preguntas, formularios, comentarios guiados, comentarios de documentos.
 - ✓ Vídeo clases semanais a través de *meet*, para explicación de contidos e resolución de dúbidas
 - ✓ Avaliación das actividades e comprobación da aprendizaxe.

A valoración só terá efectos positivos, nunca negativos, na súa nota final (ver supra). Evidentemente no caso de non entregar nada, non se valorará nada.

- **Actividades de recuperación:**

O alumnado con avaliacións pendentes terá a dereito á recuperación ordinaria de xuño, tal e como recolle a programación ordinaria. Non obstante, se non se puidera celebrar esa recuperación, o procedemento para recuperar e do que se **informou ao alumnado o 6 de maio de 2020, mediante unha vídeo clase e a entrega dun documento informativo por correo electrónico, é o seguinte:**

 - ✓ Instrumentos de avaliación: Libro de texto, apuntes do profesor, prácticas realizadas durante o curso.
 - ✓ Ferramentas para avaliar: A través da plataforma *Google Classroom* mediante probas on line utilizando a aplicación de formularios modo exame e cun tempo de entrega limitado. Todo o alumnado coñece a aplicación xa que a usamos habitualmente, desde hai anos, e o alumnado dispón de conexión a internet e ordenador.
- Páxina 3
- ✓ Criterio de cualificación e cuantificación e modelo de exame de recuperación:
Formulario que constará de dez preguntas:

- 7 preguntas de test que inclúen contidos da listaxe de definicións seleccionadas pola CIUG, localización xeográfica física e política de España e contidos mínimos de cada tema que se especifican anteriormente e que coinciden cos contidos mínimos que se esixirán na convocatoria de setembro.
- 3 preguntas con documentos xeográficos, nos que o alumnado tan só terán que identificar e describir, nunha resposta curta.
- O exame terá un tempo máximo para a súa realización e entrega de 35 minutos, pasado este tempo considerarase non presentado.
- Se o alumnado supera 5 preguntas, considérase a avaliación recuperada.
- Tendo en conta as circunstancias deste modelo de exame on line (de menor dificultade e con menos seguridade para coñecer os contidos reais do alumnado ca nun exame normal), a nota máxima que poderá obter o alumno é de 5 puntos, independentemente das respostas que sexan correctas.

CONTIDOS MÍNIMOS DA ASIGNATURA DE XEOGRAFÍA PARA A RECUPERACIÓN DE XUÑO E SETEMBRO

1ª AVALIACIÓN

TEMA 1 : RELEVO E ESPAZO XEOMORFOLÓXICO ESPAÑOL:

1. A evolución xeolóxica da Península (4 no libro de texto)
2. Litoloxía peninsular e tipos de relevo (5 no libro de texto)
3. Documentos: mapa de evolución do relevo e mapa do rochedo peninsular.

TEMA 2: A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

1. Factores xeográficos e factores termodinámicos (2 e 3 no libro de texto)
2. Os tipos de clima en España (4 no libro de texto)
3. Documentos: climogramas dos distintos tipos de España.

2º AVALIACIÓN

TEMA 3: A DIVERSIDADE HÍDRICA E VEXETAL:

1. As concas e vertentes hidrográficas (punto 1.2 do libro de texto)
2. As paisaxes vexetais de España (punto 3 do libro de texto)
3. Documentos: Unha imaxe de paisaxe vexetal de España.

TEMA 5: O SECTOR PRIMARIO DA ECONOMÍA

1. As paisaxes agrarias de España (punto 2 do libro de texto).
2. Documentos: imaxe dunha paisaxe agraria.

TEMA 6: A INDUSTRIA .

1. As enerxías renovables e non renovables en España: consumo e produción.
2. A localización actual da industria en España
3. Documentos: gráficos de produción e consumo de enerxías, e mapa de localización industrial.

3.3. Materiais e recursos.

- Libro de texto.
- Apuntes e resumos proporcionados polo profesor.
- Correo electrónico.
- *Google Classroom*. O alumnado xa está habituado á plataforma, xa que é de uso común para intercambios de materias e tarefas do alumnado.
- Recursos da plataforma *google suite*, como: procesador de textos, presentacións, vídeo clases con *meet hangouts*, lousa dixital *jamboard*, gravación de vídeos, realización de formularios e formularios - exames.
- Gravación de vídeos que se poñen a disposición do alumnado a través de *youtube*.

4. Información ao alumnado e ás familias

O procedemento empregado para se comunicar co alumnado é o correo electrónico e as vídeo clases.

Hai que resaltar que a comunicación é fluída, tanto co alumnado como coas titorías para resolver posibles problemas.

Ademais esta adaptación da programación de XEOGRAFÍA DE 2º DE BACHARELATO publicarase na páxina web do IES Lauro Olmo.